



A ÁREA SANITARIA DE VIGO INDIVIDUALIZA OS CUARTOS DO HOSPITAL MEIXOEIRO

- *Trátase dunha medida adoptada para minimizar o risco de posibles abrochos de infección por Covid19*
- *Segue o modelo do Álvaro Cunqueiro, de contrastada eficacia, que permite duplicar as camas en caso de necesidade*
- *Vaise reforzar o persoal con 14 TCAES máis, duplicando así as presenzas nas quendas de tarde e noite*
- *Posibilitarase que un familiar poida acompañar ao paciente durante todo o ingreso hospitalario para o que se lle ofrecerá manutención e cama*

Vigo, 15 de febreiro 2021. A Área Sanitaria de Vigo iniciou un proxecto para individualizar os cuartos do hospital do Meixoeiro -ata agora dobres- co obxecto de que cada paciente estea ingresado nun cuarto individual.

Esta medida adóptase tras a análise do comité multidisciplinar Covid19 do CHUVI, que establece unha serie de recomendacións para minimizar o risco de posibles abrochos de infección polo coronavirus no Meixoeiro e, no seu caso, contelos e afrontalos con maior seguridade.

Entre as devanditas propostas recóllese a necesidade de que, na medida do posible, se ingresen aos enfermos en cuarto individual xa que, atendendo ao perfil destes pacientes, trátase dun grupo máis vulnerable ou de maior risco de contaxio.

Esta actuación enmárcase tamén no Plan Estratéxico vixente na Área Sanitaria de Vigo, na liña de Humanización, ao favorecer o confort e intimidade do usuario na súa estada hospitalaria.

191 cuartos individuais

Ata o de agora, dos 191 cuartos do Meixoeiro, só 48 eran de uso individual. Agora serán individuais a totalidade (191), podendo duplicarse o número de camas ata as 369 (41 máis que as actuais, un 12,5%).

Para adaptar o centro a este fin establécense dúas fases. A Fase 1, con 17 camas de hospitalización por Unidade; e a Fase 2, con 34 camas. Esta reordenación reproduce o modelo do Hospital Álvaro Cunqueiro, caracterizado por unha gran flexibilidade e que ten resultado de contrastada eficacia, sobre todo durante esta pandemia. Este modelo posibilita en caso de necesidade, activar a Fase 2 e habilitar a segunda cama no cuarto dun xeito rápido e áxil.





Procedeuse á individualización dos cuartos da planta 5ª, 6ª e 7ª; e hoxe completárase coa planta 3ª e a 2ª.

Esta reorganización conleva un reforzo de persoal, que se incrementará con 14 TCAEs máis, o que supón duplicar as presenzas nas quendas de tarde e noite.

Un paso máis cara á humanización

Ademais, en canto ás visitas e acompañamentos dos pacientes, co obxecto de suavizar as restricións vixentes para garantir a seguridade de traballadores e usuarios, váise posibilitar que un familiar poida acompañar ao paciente durante todo o ingreso hospitalario. Para isto, ofreceráselle manutención, cun menú de acompañante, así como poder descansar na segunda cama do cuarto.

